

XEOGRAFÍA

VALORACIÓN: A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: requírese unha **breve** definición en termos xeográficos. A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 1 punto: solicítase **unicamente** citar los elementos. A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3,5 puntos: valorarase a organización e a exposición de contidos. A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3,5 puntos: pídese a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e consecuencias dos feitos expostos.

OPCIÓN 1

1.1. Defina brevemente: EXPLOTACIÓN EXTENSIVA, EMIGRACIÓN, ESTIAXE, GLOBALIZACIÓN, CURVA DE NIVEL.

1.2. Na Figura A-1 aparece un mapa con cinco accidentes xeográficos. Cite vostede o nome correspondente a cada número.

1.3. Desenvolva a cuestión: **Caracteres termopluviométricos e paisaxes bioclimáticas na España Seca**. Orientacións para o desenvolvemento: caracterización da España Seca, o significado da aridez, a distribución anual das temperaturas e as precipitacións, as principais paisaxes vexetais, etc.

1.4. Comente vostede a Figura B-1. Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), contrastes entre ambos os grupos de poboación representados, contrastes por idades, evolución temporal, causas e consecuencias do fenómeno migratorio, etc.

OPCIÓN 2

2.1. Defina brevemente: CULTIVO FORRAXEIRO, ESTEIRO, ACUÍFERO, ECONOMÍA SOMERXIDA, AUGAS XURISDICIONAIS.

2.2. Na Figura A-2 aparece a trama das provincias españolas. Cite vostede o nome das que aparecen sinaladas cun número.

2.3. Desenvolva a cuestión: **A importancia do turismo en España e os seus impactos**. Orientacións para o desenvolvemento: definición de turismo e inserción na actividade económica, factores xeográficos do turismo en España, áreas turísticas, impactos socioeconómicos e espaciais, etc.

2.4. Comente vostede a Figura B-2. Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), características da distribución dos feitos representados, ubicación espacial e nas variedades climáticas españolas, consecuencias na paisaxe, etc.

XEOGRAFÍA



FIG. A-1

Pirámide de población española y extranjera





FIG. B-1

XEOGRAFÍA



FIG. A-2



Temperatura media anual: 18,8°. Precipitacións anuais: 572 mm. Amplitude térmica: 17,5°

FIG. B-2

XEOGRAFÍA

VALORACIÓN: A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: requírese unha **breve** definición en termos xeográficos. A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 1 punto: solicítase **unicamente** citar os elementos. A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3,5 puntos: valorarase a organización e a exposición de contidos. A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3,5 puntos: pídese a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e consecuencias dos feitos expostos.

OPCIÓN A

1.1. Defina brevemente: INVERSIÓN TÉRMICA, SALDO MIGRATORIO, POBOACIÓN INACTIVA, MINIFUNDIO, MATERIA PRIMA.

1.2. Na Figura A-1 aparece a trama das provincias españolas. Cite vostede as **cinco** que están atravesadas pola liña, de forma ordenada de NW a SE.

1.3. Desenvolva a cuestión: **O reparto das densidades de poboación en España**. Orientacións para o desenvolvemento: concepto de densidade de poboación, reparto espacial por comunidades e provincias, a España litoral e a España interior, variacións ó longo do tempo, etc.

1.4. Comente vostede a Figura B-1. Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), características da distribución dos feitos representados, localización espacial e nas variedades climáticas españolas, consecuencias na paisaxe, etc.

OPCIÓN B

2.1. Defina brevemente: IMPORTACIÓN, FONDOS ESTRUTURAIS, CONDENSACIÓN, RAMBLA, BIOSFERA.

2.2. Na Figura A-2 aparece a trama das provincias españolas. Cite vostede as **cinco** que están atravesadas pola liña, de forma ordenada de N a S.

2.3. Desenvolva a cuestión: **Os factores que explican a diversidade dos climas peninsulares**. Orientacións para o desenvolvemento: definición de factor climático, factores dinámicos, factores xeográficos, variedade de factores e variedade no reparto dos elementos climáticos, etc.

2.4. Comente vostede a Figura B-2. Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), características da evolución dos feitos representados, consecuencias na distribución da poboación en España, trazos xerais do proceso de urbanización, o éxodo rural, etc.

XEOGRAFÍA





FIG. A-1



Temperatura media anual: 18,0°. Precipitacións anuais: 230 mm. Amplitude térmica: 13,6°


FIG. B-1

SETEMBRO 2010

XEOGRAFÍA



FIG. A-2



Evolución da poboación urbana e da poboación rural (%)
Fonte: INE

FIG. B-2

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 1

1.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, de xeito que cada concepto definido correctamente obterá **0,4** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir nesta. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

EXPLOTACIÓN EXTENSIVA: explotación agraria na que a produción é elevada en conxunto, pero escasa en relación á superficie utilizada, que debe ter grandes dimensións.

EMIGRACIÓN: movemento migratorio que significa a partida desde un lugar determinado cara ao exterior.

ESTIAXE: momento do ano en que un río presenta augas baixas no seu caudal, debido á aridez ou á retención da auga en forma de neve ou xeo en inverno.

GLOBALIZACIÓN: proceso de carácter económico, social, cultural, político etc., que supón unha compresión do espazo e do tempo, e a eliminación á libre circulación dos factores de produción, das ideas, das persoas e, sobre todo, dos capitais e os movementos financeiros.

CURVA DE NIVEL: isopleta ou liña que une puntos de igual altitude sobre o nivel do mar.

1.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de **1** punto, a razón de **0,2** puntos por resposta correcta. Requírese a cita correcta dos elementos que se indican no mapa. A resposta axeitada é: 1, SISTEMA IBÉRICO; 2, DELTA DO EBRO; 3, RÍO GUADIANA; 4, IBIZA/EIVISSA, e 5, CABO DE GATA.

1.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3,5** puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, presentando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: caracterización e definición xeográfica da España Seca, o significado da aridez na delimitación deste ámbito, caracteres no reparto anual das temperaturas e as precipitacións, as principais paisaxes vexetais e a súa distribución, as consecuencias na ocupación humana etc.

1.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3,5** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientadores pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (pirámides de idades e sexos combinando a información de dous grupos de poboación), os contrastes entre ambos os grupos de poboación representados, os contrastes por idade e a concentración nos grupos adultos mozos dos inmigrantes, a evolución temporal, a influencia no perfil da pirámide, causas e consecuencias do fenómeno migratorio en España etc.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 2

2.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, de xeito que cada concepto definido correctamente obterá **0,4** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir nesta. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

CULTIVO FORRAXEIRO: tipo de aproveitamento agrícola cuxo destino é a alimentación do gando.

ESTUARIO: extensión mariña nas proximidades da desembocadura dun río onde se producen interaccións entre a auga doce e salgada por efecto das mareas, que xeran un ecosistema peculiar.

ACUÍFERO: unidade litolóxica que contén auga ou pola que flúe a auga subterránea.

ECONOMÍA SOMERXIDA: conxunto de actividades económicas que non aparecen reflectidas nas estatísticas oficiais debido á súa ilegalidade, e que permiten a subsistencia dun sector máis ou menos amplo da poboación segundo os países.

AUGAS XURISDICIONAIS: espazo mariño sobre o que un estado exerce a súa soberanía e forma parte do seu territorio, polo que lle pertence a explotación dos seus recursos.

2.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de **1** punto, a razón de **0,2** puntos por resposta correcta. Requírese a cita correcta dos elementos que se indican no mapa. A resposta axeitada é: 1, ÁVILA; 2, CÁCERES; 3, TERUEL; 4, GRANADA, e 5, VIZCAYA/BISCAIA.

2.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3,5** puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, presentando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: definición de turismo e inserción dentro da actividade económica española, os factores xeográficos e estruturais do turismo en España, as principais áreas turísticas e os seus problemas, os impactos socioeconómicos e espaciais, o turismo como fonte de ingresos na economía española, a crise actual, os modelos turísticos etc.

2.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3,5** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientadores pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (diagrama termopluviométrico que representa as temperaturas mediante puntos unidos cunha liña e as precipitacións mediante barras verticais, cunha escala vertical dobre das precipitacións con respecto ás temperaturas); temperatura media anual elevada, amplitude térmica de certa entidade, inda que o verán é caloroso e o inverno, suave; precipitacións escasas propias da España Seca, irregulares e concentradas nos meses equinocciais, con cinco meses áridos segundo o índice de Gaussen; trátase do dominio temperado mediterráneo nunha posición meridional que presenta unha acentuación da aridez; pola escaseza das precipitacións e unha temperatura media elevada e con valores estacionais non excesivamente contrastados, pode pensarse no ámbito do val do Guadalquivir; caracteres da paisaxe bioclimática do dominio mediterráneo etc.

Exemplos de resposta / Solucións

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN 1

1.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá **0,4** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, isto é, non repetir o concepto que se debe definir nesta. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

INVERSIÓN TÉRMICA: situación atmosférica na que, nunha capa de aire, a temperatura aumenta coa altura en lugar de descender, debido a circunstancias diversas.

SALDO MIGRATORIO: diferenza entre a emigración e a inmigración nun país

POBOACIÓN INACTIVA: aquela que non xera bens e servizos: rendeiros, amas de casa, nenos, xubilados etc. A clasificación presenta algún problema dadas as características destes colectivos.

MINIFUNDIO: predomino da pequena propiedade e da pequena explotación no espazo agrario.

MATERIA PRIMA: elementos naturais utilizados para a súa transformación industrial en produtos acabados.

1.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de **1** punto, a razón de **0,2** puntos por resposta correcta. Requírese a cita correcta e orndada dos elementos que se indican no mapa. A resposta axeitada é: 1, ZAMORA; 2, VALLADOLID; 3, SEGOVIA; 4, GUADALAJARA; e 5, TERUEL.

1.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3,5** puntos. Solicítase que o alumnado responda á cuestión proposta do xeito máis completo posíbel, é dicir, presentando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: concepto de densidade de poboación e a súa variación escalar, o reparto espacial por comunidades e provincias, a España litoral e a España interior, as variacións ao longo do tempo e a concentración no litoral, a desertificación interior etc.

1.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3,5** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) coma a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posíbeis. Como criterios orientadores pódense citar os seguintes: **tipoloxía da imaxe (diagrama termopluviométrico que representa as temperaturas mediante puntos unidos cunha liña e as precipitacións mediante barras verticais, cunha escala vertical dobre das precipitacións con respecto ás temperaturas); temperatura media anual elevada, amplitude térmica non moi elevada, con verán caloroso e inverno moi suave; precipitacións moi escasas propias da España semiárida, irregulares e concentradas nos meses equinocciais, con case dez meses áridos segundo o índice de Gaussen; trátase do dominio morno mediterráneo nunha posición meridional que presenta unha marcadísima aridez; pola escaseza das precipitacións e unha temperatura media elevada e con valores estacionais non excesivamente contrastados, pode pensarse no ámbito do sueste peninsular; caracteres da paisaxe bioclimática do dominio semiárido etc.**

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN 2

2.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá **0,4** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, isto é, non repetir o concepto que se debe definir nesta. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

IMPORTACIÓN: conxunto de operacións comerciais que supoñen a entrada nun país de produtos elaborados no exterior, noutros países.

FONDOS ESTRUTURAIS: fondos establecidos na Unión Europea co fin de lograr a cohesión, axudando ao desenvolvemento de rexións desfavorecidas e que abarcan diversos aspectos (axudas á agricultura, ás infraestruturas, a proxectos de desenvolvemento etc.).

CONDENSACIÓN: proceso atmosférico da formación de nubes e precipitacións, que consiste no paso da auga do estado de vapor ao estado líquido por un cambio de temperatura da masa de aire que xera a súa saturación de humidade.

RAMBLA: río mediterráneo que circula sen auga no período de estiaxe, deixando o leito ao descuberto.

BIOSFERA: esfera natural da vida, onde se inclúen os animais, a vexetación e os solos, e que está en interacción coa atmosfera, a litosfera e a hidrosfera.

2.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de **1** punto, a razón de **0,2** puntos por resposta correcta. Requírese a cita correcta e orndada dos elementos que se indican no mapa. A resposta axeitada é: 1, CANTABRIA; 2, BURGOS; 3, SEGOVIA; 4, MADRID, e 5, TOLEDO.

2.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3,5** puntos. Solicítase que o alumnado responda á cuestión proposta do xeito máis completo posíbel, é dicir, presentando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: definición de factor climático, factores dinámicos e factores xeográficos que determinan os climas peninsulares, a variedade de factores e a variedade no reparto dos elementos climáticos, os factores e as variedades climáticas españolas etc.

2.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3,5** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) coma a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posíbeis. Como criterios orientadores pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), características da evolución dos feitos representados, as consecuencias na distribución da poboación en España, os trazos xerais do proceso de urbanización e a súa relación co éxodo rural, a variedade rexional etc.